Distinguíronse os diferentes conceptos que integran a retribución económica do traballo.

Identificouse o concepto e contía do salario mínimo.

Calculouse a liquidación de unha nómina sinxela.

Identificáronse as garantías do salario.

Diferenciouse a representación unitaria da representación sindical.

Identificouse a forma de elección e as garantías dos representantes dos traballadores.

Diferenciáronse as funcións dos sindicatos e das asociacións de empresarios.

Descríbíronse as partes dun convenio colectivo e o contido mínimo.

Delimitáronse os medios de presión dos traballadores e empresarios nun conflito colectivo.

Identificáronse as condicións da modificación do contrato de traballo e as opcións dos traballadores.

Identificáronse as causas e os efectos da suspensión do contrato de traballo

Identificáronse as causas e os efectos da extinción do contrato de traballo.

Calculouse a liquidación de haberes que corresponde como consecuencia da extinción do contrato de traballo.

Diferenciáronse os diferentes réximes da Seguranza Social para coñecer as súas características.

Distinguíronse diferentes obrigacións de empresarios e traballadores respecto da Seguranza Social para o cumprimento adecuado da normativa vixente.

Identificáronse as bases de cotización e as cotas obreiras e empresariais co fin de liquidar os seguros sociais.

Identificáronse as diversas continxencias que cobre o sistema da Seguranza Social para poder acollernos a elas e recibir as prestacións correspondentes.

Determináronse as prestacións correspondentes ás diferentes continxencias protexidas pola Seguranza Social para poder acollernos cando se teña dereito a elas.

Recoñecéronse as posibles situacións legais de desemprego para poder ter dereito á prestación ou subsidio.

Determinouse a duración e a contía da prestación por desemprego a fin de poder aplicalas a casos concretos.

Identificáronse os elementos fundamentais do funcionamento dun grupo de traballo, así como a tipoloxía e as funcións dos seus compoñentes, co fin de ter un criterio para valorar as vantaxes do traballo en equipo.

Coñecéronse as formas de traballar en equipo, as dinámicas grupales e as fases de desenvolvemento dun equipo de traballo para poder insertarse nun equipo de traballo.

Descríbíronse as diferentes opcións de resolución de conflitos que permitan adoptar as medidas correctoras adecuadas a cada caso.

Analizáronse a importancia do feedback, a escoita activa e a asertividade co fin de aplicar técnicas de comunicación grupal.

Coñecéronse as tácticas, as pautas e as fases da negociación co fin de interaccionar coas partes que tratan de resolver un conflito.

Coñecéronse os principais conceptos básicos establecidos na LPRL.

Coñecéronse os dereitos e os deberes dos traballadores e materia de PRL

Identificáronse os principais factores de risco laboral.

Coñecéronse os danos derivados do traballo

Coñeceuse como avaliar os riscos derivados do sector de actividade relacionado co título.



Coñecéronse as técnicas e medidas de prevención e protección espacialmente epi¿s e sinalización.

Coñecéronse as modalidades de organización da prevención na empresa.

Coñecéronse os organismos de representación e participación dos traballadores en materia de PRL.

Identificáronse as fases de elaboración dun plan de emerxencia e evacuación.

Valorizouse a importancia e coñecer o contido do plan de prevención dunha empresa do sector.

Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios.

Identificáronse os itinerarios formativos relacionados co título

Coñeceuse o proceso de procura de emprego tanto como traballador por conta propia ou allea.

Os criterios de cualificación que se empregarán son os seguintes:

Durante o curso haberá dúas avaliacións.

A cualificación en cada avaliación virá dada polos seguintes elementos:

Actitude do alumno/a na clase (valor de 10%). Nesta epígrafe valórase a puntualidade, a participación, a iniciativa, o interese pola materia e o comportamento xeral do/a alumno/a co profesorado e co material e equipos a empregar durante as sesións presenciais no centro educativo.

Traballo/s realizados(valor de 20%). Valorarase nesta epígrafe o cumprimento das pautas e prazos dados polo/a profesor/a correspondente.

Exame/s (valor de 70%). Estas probas poden consistir nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou/e preguntas test con escolla da alternativa correcta ou preguntas con respostas breves e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados nas aulas.

Será necesario acadar cando menos un 4 no/s exame/s parciais para poder facer media entre eles e acrecentar á nota obtida de traballos e da actitude.

De obter menos dun catro a avaliación estará suspensa e o/a alumno/a deberá recuperar a parte non superada.

A avaliación estará superada cando o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos aplicándose os tres elementos de avaliación mencionados, en cada unha das avaliacións do curso.

A cualificación final do módulo virá dada pola nota media ponderada polos respectivos pesos das unidades didácticas tendo en conta os decimais.

Para aprobar débese obter unha nota maior ou igual a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aquel alumnado que non acade unha cualificación de 5 no proceso de avaliación continua, deberá recuperar as probas obxectivas non superadas e realizar os traballo/s pendentes de ser o caso.

A recuperación das probas obxectivas consistirá na realización dun exame dos contidos pendentes e terá como referencia os contidos mínimos establecidos nesta programación. Este exame superarase sempre que obteña no mínimo 5 puntos.

A nota final acadarase tendo en conta o resto de instrumentos de avaliación empregados durante o curso de ser o caso.

Con anterioridade a realización da proba final realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada unidade formativa que a modo de orientación son expostos a continuación:

UF1

Para acadar RA1: Recoñece os dereitos e as obrigacións das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e saúde laboral.

Repaso de contidos referentes a:

Conceptos básicos en materia de prevención.

Accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Obrigacións de persoas empresarias e traballadoras en materia de prevención:

Responsabilidades e sancións en materia de prevención.

Medidas de prevención e protección de riscos.

Para acadar RA2:Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional, para o que analiza as condicións de traballo e os factores



de risco máis habituais do sector.

Repaso de contidos referentes a:

Clasificación de factores de risco e principais danos que xeran.

Avaliación de riscos xerais segundo o método do INSH.

Caso práctico de identificación dos principais factores de risco.

Para acadar RA3: Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados:

Repaso de aspectos relacionados con:

Os principios da acción preventiva.

As modalidades de organización da prevención nas empresas.

A participación das persoas traballadoras en materia de prevención.

A importancia do plan de prevención e o seu contido.

Para acadar RA4: Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral.

Repaso de aspectos relacionados con:

Medidas de prevención de protección/ EPIs/Primeiros Auxilios.

UF2

Para acadar RA1 : Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización:

Repaso de aspectos relacionados con:

Identificación e vantaxes dos equipos de traballo.

Características e fases dos equipos de traballo.

Técnicas de comunicación nos equipos de traballo.

Participación, dinámicas e avaliación nos equipos de traballo.

Características, causas, tipos e etapas dos equipos de traballo.

Procedementos de resolución de conflitos, en especial, a negociación.

Para acadar RA2 : Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.

Repaso teórico e práctico de:

Características do traballo regulado polo Dereito laboral.

Fontes e principios do dereito laboral.

Principais dereitos e deberes das persoas traballadoras.

Interpretación do contido do contrato de traballo.

Principais modalidades contractuais.

Diferenciación entre conceptos salariais e non salariais.

Elaboración dunha nómina.

Principais aspectos relacionados coa xornada de traballo permisos de vacacións.

Supostos teóricos e prácticos de modificación suspensión e extinción de contratos.

Cálculo dun finiquito.

Análise dos aspectos fundamentais do convenio do sector.

Órganos de representación das persoas traballadoras e Sindicatos.

Para acadar RA3: Determina a acción protectora do sistema da Seguranza Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións:

Repaso teórico-práctico dos seguintes contidos:

Estrutura do sistema de Seguranza Social.

Principais obrigacións do empresario en materia de Seguranza Social.

Casos prácticos de cálculo de cotas de cotización das persoas traballadoras e empresarias incluídas no réxime xeral da Seguranza Social.

Principais prestacións contributivas da Seguranza Social.

Casos prácticos de cálculo de prestacións por IT, e desemprego.



Para acadar RA4: Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida:

Repaso de aspectos relacionados con:

Proceso de procura de emprego por conta allea: auto coñecemento, deseño de itinerario, competencias e formación requiridas, fontes de emprego, técnicas e instrumentos de emprego (carta, CV...), proxecto profesional.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Deberán presentarse a esta proba de carácter global, todo o alumnado que perda o dereito a avaliación continua.

Isto último non se aplica á modalidade a distancia pois eles non perden o dereito a avaliación continua.

En todo caso, a cualificación obtida nesta proba final representa 100 por cento da nota final.

A proba abarcará todo o módulo e a nota resultante non difereza por UF.

O contido desta proba incluírá tanto preguntas teóricas (formato test), como supostos prácticos.

Utilizaranse polo menos un dos CA de cada un dos RA (4) que existen en cada UF. Isto implica que a proba terá polo menos 4 epígrafes en cada UF.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado utilizando a aplicación Seguimento das programacións que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>.

Alén disto, en todas as reunións mensuais do departamento, un punto obrigatorio da orde do día é a confirmación de que estes seguimentos da aplicación están sendo realizados, así como o comentario de calquera incidencia no seguimento da programación.

Para o caso do seguimento da avaliación da práctica docente, utilizarase o modelo de enquisa de satisfacción do labor docente (MD82CLI03) que o alumnado debe realizar a proposta do/a titor/a de cada grupo trimestralmente. No caso de que esta enquisa non atinxira a puntuación mínima, o/a profesor/a envolvido/a reunirse co alumnado para tratar con máis profundidade aqueles items en que o alumnado manifestara algunha desconformidade.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nos centros en que está implantado o sistema de calidade todas as equipas docentes realizan unha reunión ao inicio do curso para contrastar e valorar a avaliación inicial feita polos/as titores/as. Dado que estamos falando de ensino non obrigatorio este procedemento semella suficiente.

Os integrantes do departamento decidimos que, se o/a profesor/a acha necesario nalgún curso concreto, vaise adoptar como procedemento un cuestionario que (sen ser modelo oficial) vén proposto na web de calidade: 15015767 - Cuestionario-Alumnado. Avaliación inicial.

O cuestionario é achegado como anexo a esta programación na epígrafe 10.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O significado educativo da atención á diversidade pode concretarse nos seguintes puntos:

1. Pártese da idea de que as persoas son diferentes e que xa que logo a escola debe axudar a cada un a desenvolver as súas aptitudes.
2. A crenza de que a vida é unha carreira en que só uns poucos conseguen chegar ao final, fai que se tente eliminar a competitividade.
3. Non se trata de educar na igualdade, senón ofrecer a todos as mesmas oportunidades para ser desiguais.

Todo iso está fundamentado nunha serie de principios básicos e fundamentais:

Principio de normalización: necesidade de que calquera alumno beneficiése, sempre que sexa posíbel, dos servizos educativos ordinarios.



Principio de individualización: todo centro docente ten como tarefa primordial fornecer a cada alumno a resposta que necesita en cada momento para desenvolver de forma óptima as súas capacidades e as súas posibilidades reais.

Para levar a cabo o desenvolvemento do tratamento da diversidade, é preciso analizar cada caso para aplicar a medida apropiada.

É preciso indicar que na formación profesional específica, ensino pos-obrigatoria, non caben as adaptacións curriculares significativas, as adaptacións que se poden aplicar deben ser non significativas, xa que logo existen dúas situacións:

Necesidades sensoriais: utilizaranse elementos materiais, escritos, audiovisuais e informáticos, de acceso ao currículo.

Diversidade de intereses e/ou ritmos nas aprendizaxes: utilizaranse actividades de apoio, reforzo ou ampliación segundo a situación, estas actividades versan sobre o tema e débense desenvolver no aula.

No esencial, estas medidas consisten en fornecer a este alumnado, prácticas complementares ás previstas para o conxunto do grupo da aula co fin de facilitar que alcancen os resultados de aprendizaxe buscados. Nalgunha ocasión, cando se manifeste unha motivación para aprender adecuada mais aínda así non se alcancen os obxectivos programados, esa práctica non será complementar, senón substitutiva da prevista para o grupo.

Para aquel alumnado que durante o curso non supere as diferentes avaliacións ou requira algún reforzo, por observarse algún problema na aprendizaxe:

Se lle facilitarán actividades consistentes en exercicios prácticos, e cuestionarios para aclarar aqueles aspectos onde se detectaron maiores deficiencias.

Se lle realizará unha proba escrita sobre os contidos da avaliación non superada.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación entre persoas e de inserción e actuación social. A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.

A Lexislación educativa estableceu os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinamentos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas. O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:

- Os temas transversais abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
- Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inserido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Por outra banda, os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

Educación moral e cívica.

Educación para a paz.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.

Educación ambiental.

Educación para a saúde.

Educación viaria.

Educación do consumidor.

Educación para o desenvolvemento.

Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Aínda que este módulo ten relación con todas as categorías de valores de carácter transversal, algúns deles é máis doado integralos fluidamente na programación, pois mesmo son contemplados na propia lexislación que debemos analizar e forman parte dos propios CA do módulo:

- Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral. Tendo en conta o sector produtivo é preciso sensibilizar ó alumnado respecto a necesidade de utilizar materiais e realizar un bo tratamento dos residuos, con vistas á protección do medio ambiente e aumento dos niveis de



calidade y seguridade.

2. Educación Viaria, vinculado co tema de Sinalización e Accidentes de Traballo in itinere.

3. Educación para a Saúde, temas de prevención de riscos e de primeiros auxilios. É tamén un dereito e un deber dos traballadores a integridade física e unha adecuada política de seguridade e hixiene.

4. Educación para a Paz, que contribúe a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar a súa madurez persoal, social, e moral permitindo actuar de forma pacífica na resolución de conflitos.

Igualdade de oportunidades. Non discriminación no acceso ao emprego unha vez empregados por razón de sexo, estado civil, relixión, etcétera. Esta igualdade deberase respectar en todo momento, incluso no acceso ao mercado laboral.

5. Educación Moral y Cívica. Relacionada cos deberes que rexen a relación laboral, como os de cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade coas regras da boa fe e dilixencia.

6. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, directamente relacionada co bloque de procura de emprego.

Por último, a necesidade de consultar múltiples páxinas Web (mtas.es, seg-social.es, redtrabaja, etcétera), e de navegar pola rede é parte da Educación para o uso das TIC.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como en anos anteriores organizarase unha charla informativa na que persoal especializado da Cruz Vermella informe o alumnado dos comportamentos adecuados ante unha situación de emerxencia, así como algunhas das técnicas básicas de primeiros auxilios. Como esta actividade é de interese para todo o alumnado do centro, teremos que organizar mínimo dúas sesións, unha para a quenda de mañá e outra para a de tarde.

Este ano será repetida a actividade referente as Relacións Laborais Colectivas: Invitar a representantes de algunhas organizacións sindicais (dúas serían suficientes) para que lle conten aos alumnos as súas experiencias no referente ao cumprimento da normativa laboral. Esta actividade resultou moi produtiva xa que o alumnado participou activamente nela.

Outra actividade prevista son charlas sobre selección de persoal ofrecidas por especialistas no tema.

Alén disto, o departamento colaborará coas actividades do Departamento de Información e Orientación Profesional relacionadas con este módulo.

10. Outros apartados

10.1) Secuencia alternativa das unidades formativas e didácticas

A secuencia de unidades formativas será:

1º) MP0074_22

2º) MP0074_12

A orde resultante das unidades será:

1 A relación laboral individual

2 As relacións colectivas no traballo

3 A Seguridade Social

4 O traballo en equipo. Conflito e negociación

5 A procura de emprego e a selección de persoal

6 Seguridade e saúde no traballo

7 Os riscos laborais e a súa avaliación

8 A xestión e a planificación da prevención na empresa

9 Medidas de prevención e protección. Os primeiros auxilios



10.2) Cuestionario-Alumnado. Avaliación inicial (collido da web de calidade)

Só en circunstancias concretas utilizaríase unha avaliación diferente á utilizada pola titoría do grupo. Nese caso, sería empregado o seguinte cuestionario do Sistema de Xestión de Calidade.

Cuestionario inicial do alumnado

Ciclo formativo / PCPI Ano académico Grupo

Esta información ten carácter reservado e será utilizada polo profesorado titor coa finalidade de facilitar a axuda que precise o alumnado do grupo. A formalización dos recadros é, en todo caso, de carácter voluntario. É moi importante contestar con sinceridade.

Datos do/da alumno/a: Apelidos e nome, DNI ou NIE, data de nacemento, enderezo durante o curso (rúa, número, andar e letra), código postal e localidade, provincia, teléfono fixo, teléfono móbil e correo electrónico.

Datos académicos: Estudos previos realizados, titulación máxima alcanzada, data de finalización e centro, cursos repetidos, recibiches algunha vez apoio educativo (adaptación ou diversificación curricular).

O ciclo formativo que estás a cursar foi a túa primeira opción?

Acceso mediante proba?

Por que escolliches este ciclo formativo?

Cales son as expectativas respecto aos estudos que vés de iniciar?

En que che gustaría traballar ao rematar os teus estudos?

Que outra formación complementar desexarías recibir?

Realizas outros estudos ou actividades fóra do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, cales?

Gustaríache participar nas actividades do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, en cales?

Experiencia profesional: Posto de traballo, duración da actividade, lugar (empresa e localidade).

Outras actividades desenvolvidas: Afeccións, actividades de lecer, (lectura, deporte, cine, informática e novas tecnoloxías, etcétera).

Participación en actividades colectivas (asociacións culturais, agrupacións deportivas, etcétera).

Outra información que consideres oportuno achegar que poida influír nos teus estudos.

10.3) Cuestionario coñecementos previos específicos

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a "cultura xeral" do alumno (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral) no referente a coñecementos relacionados co módulo. Non se puntúa, pois, de cara a avaliación do módulo.

PREGUNTAS:

1. Coñeces cal é a diferenza entre un contrato de traballo en prácticas e un contrato de traballo para a formación e a aprendizaxe?
2. Poderías sinalara en que consiste unha base de cotización?
3. Que é a Seguranza Social?
4. Que son e en que se diferencian a Constitución española e o Estatuto dos Traballadores?
5. Cal é a diferenza entre salario bruto e salario líquido?
6. Que é un curriculum vitae?
7. Cal é a diferenza entre formación profesional para o emprego e a formación profesional regrada?
8. Que entendes por poboación activa?
9. Que é un itinerario profesional?
10. Poderías sinalar en que consiste unha ETT?
11. Que significa a expresión ergonomía?
12. En que consiste a RCP?
13. En que unidades é medido o ruído?



14. De que se ocupa a Lei de Prevención de Riscos Laborais?
15. Que é un servizo de prevención?
16. Que entendes por danos psicosociais?
17. Que é unha avaliación de riscos (desde o punto de vista da Lei de Prevención de Riscos Laborais)?

10.4) Libros de texto e web para consultar lexislación vixente

Ao non existir material didáctico en lingua galega, o profesor elaborará apuntamentos, exercicios e casos prácticos que fornecerá ao alumnado. Como demostración do anterior pódese comprobar que todos os libros de consulta que aparecen a continuación non están redactados en galego.

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

- ¿ Formación e orientación laboral, Madrid: McMillan.
 - ¿ Formación e orientación laboral, Pozuelo de Alarcón: Editex.
 - ¿ Formación e orientación laboral, Alboraya: Tu Libro de FP.
 - ¿ Formación e orientación laboral, Barcelona: McGraw-Hill.
 - ¿ Formación e orientación laboral, Barcelona: Edebé.
- Sitio web para consultar lexislación: <https://boe.es/legislacion/codigos/>